



Iniciase o procedemento de solicitudes de libros de texto e material escolar para o curso 2020/21 segundo a **ORDE do 12 de maio de 2020 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2020/21.**

O **prazo** de presentación de solicitudes é de **20 de maio a 19 de xuño**, ambos inclusive.

As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica no formulario normalizado (anexo I) dispoñible na aplicación informática:

Fondolibros(<https://www.edu.xunta.es/fondolibros>), a través da sede electrónica da Xunta de Galicia: <https://sede.xunta.gal>.

Para presentar as solicitudes poderase empregar calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes presencialmente nos centros docentes ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. (Artigo 10,p.,3. da Orde)

O formulario de solicitude (anexo I) tamén estará dispoñible:

- a) No portal educativo, no enderezo <http://www.edu.xunta.gal>
- b) Nas dependencias das xefaturas territoriais da consellería competente en materia de educación.
- c) Na sede electrónica da Xunta de Galicia: <https://sede.xunta.gal>
- d) Na páxina web do centro.

Documentación necesaria para presentar a solicitude:

- Libro de familia onde consten todos os membros computables da unidade familiar.
- De ser o caso, sentenza de separación ou divorcio onde conste a garda ou a patria potestade do menor.
- En caso de non autorizar a súa comprobación, copia do D.N.I. do solicitante e da Declaración da Renda de 2018.

Presentarase unha única solicitude por todos os irmáns matriculados no centro.

No caso de presentar as solicitudes no centro, o **horario de oficina será de 10:00h.a 13:00h. de luns a venres.**

As normas a seguir para a presentación de documentos son as seguintes:

Só poderá acceder unha persoa ao centro por cada solicitude ou consulta.

Non se pode acudir con menores ao centro.

Deberán traer mascarilla de protección.

Deberán facer uso do hidroalcol á entrada do centro.

Non se farán fotocopias de ningún documento. Cada familia deberá traer 2 copias da primeira páxina do documento de solicitude (ANEXO I)